



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

## Instituto Pontés de Promoción Económica (IPPEC)

PQ. MUNICIPAL S/N · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

### ANEXO II: DECLARACION RESPONSABLE

\_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, e con enderezo a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_,

1º) DECLARO RESPONSABLEMENTE, en relación coa convocatoria do Programa de axudas municipais do concello das Pontes á creación de empresas para o ano 2020, que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non incorro en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a da subvención establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 09/2007, de subvencións de Galicia e reúno as condicións para ser beneficiario/a de acordo co previsto na base segunda desta convocatoria.
- Non desenvolvín igual ou similar actividade empresarial ou profesional na mesma localidade, ou na súa área de influencia, nos seis meses anteriores a data de inicio desta nova actividade.

2º) Asemade, DECLARO RESPONSABLEMENTE, en canto a outras subvencións en relación co obxecto da subvención solicitada (marcar unha opción):

Que para este proxecto, solicitei e/ou obtiven as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición Reguladora	Solicitada / Concedida	Ano	Importe

ou, alternativamente:

- Que non solicitei nin, polo tanto, teño concedidas outras axudas ou subvencións de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, para a mesma finalidade que as subvencións para a creación de empresas convocadas polo Concello das Pontes.
- Que non obtiven axuda para a creación de empresas ou do propio posto de traballo da Consellería de Traballo e Benestar que financien os gastos de alugueiro e adquisición de inmovilizado para o desenvolvemento da actividade.

3º) AUTORIZO ao Concello das Pontes a obter a seguinte documentación ou certificacións establecidas na base 7ª desta convocatoria:

- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día co Concello de As Pontes
- Certificado de empadramento do momento de inicio da actividade.



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

### Instituto Pontés de Promoción Económica (IPPEC)

PQ. MUNICIPAL S/N · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

- 4º) ACEPTO as actuacións de comprobación e seguimento que leve a cabo o órgano instructor da Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego.
- 5º) AUTORIZO a Concellaría de Recursos Humanos, Industria e Emprego do Concello das Pontes, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, a realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa, nomeadamente, a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante os primeiros dezaoto meses da actividade, conforme ao establecido na base segunda e undécima da convocatoria.
- 6º) AUTORIZO, para os efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Concellaría de Recursos Humanos, Industria e Emprego a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello das Pontes que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei Xeral de Subvencións, 38/2003 e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.

Son, así mesmo, consciente de que os datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, e comprométo-me a comunicar no menor prazo de tempo posible a Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. A unidade tramitadora, en tanto non se comunique o contrario, entenderá que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercitar os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación á Concellería de Recursos Humanos, Industria e Emprego do Concello das Pontes.

- 7º) COÑEZO as responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención máis os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

As Pontes de García Rodríguez, \_\_\_ de \_\_\_ do 20\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_